



Concello de Vimianzo

MINUTA-BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DO CONCELLO DE VIMIANZO DE DATA 29/11/2014

Na vila de Vimianzo, ás once horas do día vinte e nove de novembro de dous mil catorce, na sala de sesións da casa do Concello, constitúese en primeira convocatoria o Pleno do Concello ao obxecto de levar a cabo a sesión ordinaria convocada para este día.

Asisten os seguintes membros:

D. Manuel Antelo Pazos, alcalde
D. Fernando Mancebo Amigo
D.^a María José Ramos Rey
D. José Trillo Lema
D. José Antonio Miñones Riveiro
D. Manuel Soto Pérez
D.^a Mónica Rodríguez Ordoñez
D.^a María Carmen Hermida Tomé
D. Juan Carlos Amado Sambade
D. Juan Silva Jallas
D. José Manuel Rodríguez Blanco
D.^a Montserrat Vázquez Miñones

Ausentes:

Secretaria: D.^a María Cristina Varela García
Interventor acctal: D. José Domingo Rodríguez Ferreira

De seguido comézase coa deliberación dos asuntos da Orde do Día.

1. Aprobación dos borradores das actas das sesións ordinaria celebrada o 25 de outubro e extraordinaria celebrada o 14 de novembro de 2014.

En cumprimento do disposto no artigo 91.1 do RD 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, o Sr. alcalde pregunta se algún membro da Corporación ten que formular algunha observación ás citadas actas.

Queda aprobada a acta da sesión ordinaria do 25 de outubro e extraordinaria do 14 de novembro de 2014 ao non formularse observacións.

2. Aprobación do Plan Provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (POS) 2015.

De orde do Sr. Alcalde, a secretaria da conta da proposta da Alcaldía, de data 21 de novembro de 2014, ditamada favorablemente pola Comisión Informativa de Obras e Urbanismo, celebrada o 25 de novembro de 2014:

“PROPOSTA DA ALCALDÍA

Asunto: aprobación do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (POS) 2015

Vistas as “Bases reguladoras do plan provincial de cooperación as obras e servizos de competencia municipal (POS) 2015” aprobadas polo Pleno da Deputación Provincial de Coruña o 12 de setembro de 2014 (publicadas no BOP nº 177 do 17 de setembro de 2014), e a Circular remitida ao Concello de Vimianzo con RE nº 7413, de 19 de setembro de 2014 pola que se asigna ao Concello a cantidade de 382.154,44 euros para o POS do ano 2015.

Vistos os proxectos de obra realizados polos arquitectos D. Vicente Rivas Negreira e D. Maximino M. Aguiar Baña.

Vista a documentación xustificativa da porcentaxe do plan que se destina polo Concello a gastos correntes durante o exercicio de 2015, segundo consta no informe emitido pola Intervención municipal o 21 de novembro de 2014, conforme ao modelo do anexo II.

Considerando o disposto na Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases de Réxime Local.

Esta Alcaldía realiza a seguinte PROPOSTA ao Pleno, previo ditame da Comisión Informativa Permanente de Urbanismo e Obras:

1.- “Aprobar o **Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (POS) 2015**, cuxas bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, no que se recollen as obras e subministracións que o Concello ten previsto realizar, ou a dedicación ao financiamento dos gastos correntes do exercicio 2015 ou a amortización anticipada da débeda, e de acordo co financiamento que se indica:

A) Realización de obras e subministracións:

Denominación da obra ou subministración	Deputación	Concello	Presuposto total
Proxecto de reparación de pistas municipais nas parroquias de Carnés e Cereixo	42.911,14	0,00	42.911,14
Proxecto de reparación e mellora de firme, bordos, beiravías e cunetas da pista municipal entre Trasouteiro e Vimianzo alternativa á rúa de Tedín	46.728,47	0,00	46.728,47
Creación dun parque público con unha pista de padeiro no entorno do colexio público infantil de Vimianzo	49.790,00	0,00	49.790,00
Execución de ensanchamento e senda peonil nun treito da estrada entre Calo e Pasarela	85.000,00	0,00	85.000,00
SUBTOTAL OBRAS / SUBMINISTRACIÓNS	224.429,61	0,00	224.429,61

Aprobar os proxectos das obras ou pregos das subministracións incluídos na anualidade 2015 e que se relacionan nesta táboa.

B) Financiamento de gastos correntes ou amortización de débeda:

	Deputación
Achega provincial aplicada ao financiamento de gastos correntes	157.724,83
Achega provincial aplicada á amortización anticipada de débeda	0,00
SUBTOTAL GASTO CORRENTE E AMORTIZACIÓN DÉBEDA	157.724,83



Concello de Vimianzo

C) Resumo:

Denominación da obra	Deputación	Concello	Presuposto total
SUBTOTAL OBRAS /SUBMINISTRACIÓNS	224.429,61	0,00	224.429,61
SUBTOTAL GASTOS CORRENTES E AMORTIZACIÓN DE DÉBEDA	157.724,83		157.724,83
TOTAL	382.154,44	0,00	382.154,44

2.- Aprobar o Plan complementario do ano 2015 no que se inclúen as obras ou subministracións que a continuación se indican e aprobar os correspondentes proxectos ou pregos de prescricións:

Denominación da obra ou subministración	Presuposto
Execución de beirarrúas e ensanchamento dun treito da estrada entre Pasarela e Calo	31.700,00
TOTAIS	

3.- Declarar que o Concello ten a dispoñibilidade dos terreos, augas e servidumes para a execución das obras, e que ten resolto o relacionado coas concesións e autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias.

4.- Comprometerse o Concello a incluír no orzamento municipal do 2015 os fondos necesarios para facer fronte á achega municipal das obras incluídas na anualidade do 2015 se a houbera.

5.- Solicitar da Deputación Provincial da Coruña, a delegación neste Concello da contratación e execución das obras ou subministracións incluídas no plan, que se entenderá aceptada si esta prodúcese efectivamente.

6.- Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras administracións públicas para o financiamento do investimento ou, no caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes doutras administracións para a súa execución, achégase o detalle de cada unha delas, acreditándose que a súa suma total non supera o 100% do seu importe.

7.- Autorízase á Deputación a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social

8.- Facultar expresamente ao alcalde para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.

-----DEBATE EN PLENO-----

Sometido o asunto a votación, o Pleno da Corporación, por sete votos favor do BNG, PSOE e PP, catro abstencións de IxV e concelleiros non adscritos, e ningún voto en contra, que representan a maioría absoluta do número legal de membros da Corporación, acorda:

1.- "Aprobar o **Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (POS) 2015**, cuxas bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, no que se recollen as obras e subministracións que o Concello ten previsto realizar, ou a dedicación ao financiamento dos gastos correntes do exercicio 2015 ou a amortización anticipada da débeda, e de acordo co financiamento que se indica:

A) Realización de obras e subministracións:

Denominación da obra ou subministración	Deputación	Concello	Presuposto total
Proxecto de reparación de pistas municipais nas parroquias de Carnés e Cereixo	42.911,14	0,00	42.911,14
Proxecto de reparación e mellora de firme, bordos, beiravías e cunetas da pista municipal entre Trasouteiro e Vimianzo alternativa á rúa de Tedín	46.728,47	0,00	46.728,47
Creación dun parque público con unha pista de padel no entorno do colexio público infantil de Vimianzo	49.790,00	0,00	49.790,00
Execución de ensanchamento e senda peonil nun treito da estrada entre Calo e Pasarela	85.000,00	0,00	85.000,00
SUBTOTAL OBRAS / SUBMINISTRACIONES	224.429,61	0,00	224.429,61

Aprobar os proxectos das obras ou pregos das subministracións incluídos na anualidade 2015 e que se relacionan nesta táboa.

B) Financiamento de gastos correntes ou amortización de débeda:

	Deputación
Achega provincial aplicada ao financiamento de gastos correntes	157.724,83
Achega provincial aplicada á amortización anticipada de débeda	0,00
SUBTOTAL GASTO CORRENTE E AMORTIZACIÓN DÉBEDA	157.724,83

C) Resumo:

Denominación da obra	Deputación	Concello	Presuposto total
SUBTOTAL OBRAS /SUBMINISTRACIONES	224.429,61	0,00	224.429,61
SUBTOTAL GASTOS CORRENTES E AMORTIZACIÓN DE DÉBEDA	157.724,83		157.724,83
TOTAL	382.154,44	0,00	382.154,44

2.- Aprobar o Plan complementario do ano 2015 no que se inclúen as obras ou subministracións que a continuación se indican e aprobar os correspondentes proxectos ou pregos de prescricións:

Denominación da obra ou subministración	Presuposto
Execución de beirarrúas e ensanchamento dun treito da estrada entre Pasarela e Calo	31.700,00
TOTAIS	

3.- Declarar que o Concello ten a dispoñibilidade dos terreos, augas e servidumes para a execución das obras, e que ten resolto o relacionado coas concesións e autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias.

4.- Comprometerse o Concello a incluír no orzamento municipal do 2015 os fondos necesarios para facer fronte á achega municipal das obras incluídas na anualidade do 2015 se a houbera.

5.- Solicitar da Deputación Provincial da Coruña, a delegación neste Concello da contratación e execución das obras ou subministracións incluídas no plan, que se entenderá aceptada si esta prodúcese efectivamente.



Concello de Vimianzo

6.- Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras administracións públicas para o financiamento do investimento ou, no caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes doutras administracións para a súa execución, achégase o detalle de cada unha delas, acreditándose que a súa suma total non supera o 100% do seu importe.

7.- Autorízase á Deputación a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social

8.- Facultar expresamente ao alcalde para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.

3. Aprobación inicial da ordenanza reguladora da limpeza viaria, ornato público e protección do patrimonio municipal do Concello de Vimianzo.

Consta no expediente o texto íntegro da ordenanza proposta pola Alcaldía, de data 21 de novembro de 2014, que se transcribe literalmente:

"ORDENANZA REGULADORA DA LIMPEZA VIARIA, ORNAMENTACIÓN PÚBLICA E PROTECCIÓN DO PATRIMONIO MUNICIPAL DO CONCELLO DE VIMIANZO

PREÁMBULO

A presente ordenanza municipal de limpeza viaria ten por obxecto regular, dentro da esfera das competencias municipais, a limpeza das vías e a ornzamentación pública establecendo unhas normas xerais de actuación ao respecto, así como un sistema de infraccións e sancións para o caso de incumprimento.

Con iso, preténdese facer do municipio de Vimianzo un lugar máis hixiénico, máis limpo e habitable, de xeito que os veciños poidan colaborar e ser partícipes da mellora hixiénica e da imaxe do Concello.

A razón desta ordenanza é, esencialmente, orientar, informar e, en último caso, sancionar á cidadanía, no seu desenvolvemento cotián no medio en que está inserto, no ámbito municipal, en todo o relativo á limpeza viaria, ornamentación pública e protección do patrimonio municipal así como, a través dunha maior concienciación cidadá, colaborar para que o noso municipio permaneza limpo, e ofrezca unha imaxe atractiva ós visitantes.

Así pois, o Concello de Vimianzo, no exercicio das potestades regulamentarias e de autoorganización, aproba a seguinte ordenanza:

TÍTULO PRELIMINAR. DISPOSICIÓNS XERAIS

Artigo 1.- Obxecto da presente ordenanza.

A presente ordenanza ten por obxecto a regulación, dentro do ámbito das competencias do Concello de Vimianzo, de aquelas actividades dirixidas á limpeza das vías e espazos públicos, fomentando actitudes encamiñadas á eliminación da sucidade e ao mantemento da limpeza e da ornamentación pública en todo o termo municipal.

Toda a veciñanza, así como os e as visitantes en aqueles aspectos que lles afecten deben cumprir as prescricións contidas na presente ordenanza e nas normas complementarias que no seu caso se diten.

Artigo 2.- Fundamento.

1.- A regulación da presente ordenanza ten en conta os principios do artigo 45 da Constitución Española; os arts. 25 e 26 da Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, respecto da obriga de velar por un medio ambiente axeitado para o desenvolvemento da persoa, e de prestar os servizos de limpeza viaria.

2.- Art. 4.1. a) da Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local; art. 6.1. a) da Lei 5/97, de 22 de xullo, de administración local de Galicia; e art. 4.1. a) do Real decreto 2568/86, de 28 de novembro, respecto das potestades regulamentaria e de autoorganización.

3.- Art. 4.1. f) da Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e disposición adicional única da Lei 11/99, de 21 de abril, de modificación da Lei 7/85, de 2 de abril, respecto da potestade sancionadora pola comisión de infraccións, sendo de aplicación supletoria, para a súa substanciación, o procedemento previsto no Real decreto 1398/1993, de 4 de agosto.

4.- No mesmo sentido, ao abeiro do disposto no artigo 5 da Lei 10/2008, de 3 novembro, de residuos de Galicia as entidades locais serán competentes para a xestión dos residuos urbanos, correspondendo ós concellos, como servizo obrigatorio, a recollida, o transporte e a eliminación dos residuos urbanos, na forma que establezan as respectivas ordenanzas.

Artigo 3.- Ámbito obxectivo da presente ordenanza.

1.- Para os efectos da presente ordenanza, enténdese por vía pública os paseos, rúas, avenidas, prazas, beirarrúas, xardíns, zonas verdes e demais bens de propiedade municipal destinados directamente ao uso común xeral dos veciños, quedando, por tanto, excluídas as urbanizacións privadas, xardíns particulares, pasaxes pechadas, patios interiores, soares privados, accesos a garaxes, galerías comerciais e similares, nos que a limpeza é responsabilidade dos particulares, sexa en propiedade única, compartida ou en réxime de propiedade horizontal. O Concello de Vimianzo exercerá o control da limpeza destes elementos, e poderá obrigar a esta ás persoas responsables, independentemente das sancións a que dera lugar a súa actuación.

2.- Así mesmo, quedan excluídos do ámbito desta ordenanza os terreos ou bens que, aínda sendo de propiedade municipal, estean sometidos a un uso común especial ou a un uso privativo por particulares, entidades públicas ou privadas ou outras administracións públicas, logo das correspondentes licenzas e concesións, respectivamente.

Artigo 4.- Definicións.

Para os efectos da presente ordenanza, entenderanse:

1.- Por rótulos, os anuncios fixos ou móbiles realizados mediante pintura, ou calquera outro material destinados a conferirlles unha longa duración.

2.- Por carteis, os anuncios (impresos, pintados ou escritos) sobre papel ou outro material de escasa consistencia. Se son de formato reducido e distribución manual, os carteis terán a consideración de panfletos.

3.- Por pancartas, os anuncios publicitarios de gran tamaño, situados na vía pública sobre un soporte non rixido.

4.- Por pintadas, as inscricións realizadas na vía pública, sobre os muros ou paredes dos edificios, ou sobre calquera dos elementos estruturais ou do mobiliario urbano.

5.- Por bandeirolas, os anuncios publicitarios de escaso tamaño e que, como colgantes, adoitan dispoñerse suxeitos a un elemento común que na maioría dos casos se apoia en partes de edificios ou mobiliario urbano.

6.- Por pegatinas, os impresos dotados de material adhesivo nunha das súas caras, que poidan aplicarse directamente en calquera outro elemento sólido.

7.- Por panfletos e folletos, os fragmentos de papel ou de material análogo que se lle distribúen á cidadanía ou se depositan na vía pública, vehículos, buzóns exteriores etc.

TÍTULO I. LIMPEZA DE ESPAZOS PÚBLICOS

Capítulo I: Obrigas



Concello de Vimianzo

Artigo 5.- Limpeza da rede viaria pública.

A limpeza da rede viaria pública, tanto de tránsito rodado como peonil, realizarana os servizos municipais coa frecuencia conveniente, e a través das formas de xestión que acorde o Concello de Vimianzo conforme coa lexislación en vigor.

Artigo 6.- Zonas privadas.

A limpeza das rúas, espazos e terreos de dominio particular levarase a cabo polos seus donos, seguindo as directrices que marque o Concello para acadar niveis adecuados de hixiene.

As comunidades de propietarios ou quen habite o inmovible ou inmovibles lindeiros están obrigados a manter limpos os patios de luces, patios de quinteiro ou calquera espazo sen edificar anexos ao edificio, sexan comúns ou propios, rexéndose para o efecto polas súas normas estatutarias e, no seu defecto, pola directrices do Concello, non podendo en ningún dos casos contradicir a presente ordenanza.

Artigo 7.- Soares e terreos privados.

A limpeza de soares e outros terreos de propiedade particular que se atopen en solo urbano e non estean incluídos no artigo anterior corresponderá, igualmente, á propiedade.

O cumprimento da obriga de manter limpos os terreos non exime de levar a cabo o seu valado ou peche, conforme coa normativa urbanística e demais disposicións sobre réxime do solo.

Artigo 8.- Depósito de residuos domiciliarios.

Os residuos incluídos na recollida de lixo domiciliaria depositaranse en envases non retornables e resistentes, separando adecuadamente os distintos tipos de residuos e depositándoos no colector correspondente.

Cartón, papel, vidro e envases e embalaxes depositaranse nos colectores dispostos para o efecto.

No caso de cartóns, embalaxes e caixas depositaranse convenientemente pregados.

Artigo 9.- Obrigas dos organizadores de actos públicos.

1.- As persoas da organización de actos públicos son responsables da suciedade ou deterioro dos elementos urbanos ou arquitectónicos que se produzan nos espazos utilizados e están obrigados á súa reparación ou reposición.

2.- A Administración municipal poderá esixir aos ditos organizadores unha fianza polo importe previsto dos traballos de limpeza que deriven da celebración do acto. Para tal efecto e a fin de que os servizos municipais prevexan as necesidades de contedores e a organización da limpeza, a organización comunicarllo ao Concello con suficiente antelación á celebración, quedando a dita fianza a reserva da súa liquidación definitiva.

3.- No caso de festas patronais autorizadas, o Concello colaborará na limpeza do recinto.

Capítulo II: Prohibicións

Artigo 10.- Usuarios de vías públicas.

Prohíbese tirar á vía pública todo tipo de residuos. Quen transite polas rúas, prazas, xardíns e outros espazos públicos e queira desprenderse de residuos de pequena entidade (cabichas, cáscaras, papeis, etc...), utilizará as papeleiras e/ou contedores instalados para tal fin.

Os usuarios absteranse de toda manipulación sobre as papeleiras, así como de realizar calquera acto que as deteriore ou as inutilice para o uso ao que están destinadas.

Artigo 11.- Prohibicións en vías e espazos libres.

Queda prohibida calquera operación que poida ensuciar as vías e espazos libres públicos, e, en especial:

- Lavar ou limpar vehículos, así como cambiarlles o aceite ou outros líquidos.
- Manipular ou dispersar residuos ou alterar os seus envases.
- Sacudir prendas ou alfombras na vía pública ou sobre ela dende fiestras, balcóns ou terrazas.
- Tirar á vía pública calquera clase de refugallos dende vehículos, xa estean parados ou en marcha.
- Tirar fóra das papeleiras os residuos de tamaño pequeno, como papel, envoltorios ou similares, ou ben baleirar o contido das papeleiras na vía pública.
- Tirar materiais acendidos en papeleiras, colectores ou outra clase de mobiliario urbano destinado á recollida de residuos, que, en todo caso, deberán depositarse unha vez apagados.
- Cuspir na rúa, e satisfacer necesidades fisiolóxicas na vía pública ou en calquera outro espazo que non sexa o destinado expresamente para tal fin.
- Tirar dende balcóns e terrazas calquera clase de residuos, restos de arranxo de macetas ou outro obxecto que puidera causar danos ou molestias a persoas ou cousas.
- Verquer auga sucia sobre a vía pública, soares ou zonas axardinadas, así como o desaugadoiro de aparatos de refrixeración sobre eles.
- Abandonar na vía pública os produtos de varrido e limpeza dela, producidos polos particulares.
- Ensuciar a vía pública como consecuencia da tenencia de animais.
- Regar as plantas instaladas no exterior dos edificios se a consecuencia desta operación se producen vertidos ou salpicaduras sobre a vía pública ou sobre os seus elementos.
- Abandonar mobles e tarecos particulares na vía pública, agás os que estean en espera de ser retirados polo servizo especial de recollida deles.

Capítulo III: Medidas aplicables aos titulares de actividades concretas

Artigo 12.- Titulares de establecementos.

- 1.-Quen estea ao fronte de quioscos ou postos autorizados na vía pública están obrigados a manter limpo o espazo no que desenvolven o seu cometido e as súas proximidades durante o horario en que realicen a súa actividade, e deixalo no mesmo estado unha vez finalizada.
- 2.-A mesma obriga incumbe aos donos de cafés, bares e establecementos análogos en canto á superficie que ocupen con veladores, mesas, cadeiras, etc. Todo o mobiliario empregado deberá ser retirado da vía pública unha vez expirado o prazo da correspondente autorización municipal.
- 3.-Os titulares dos establecementos, quioscos ou postos, deberán instalar e manter pola súa conta as papeleiras necesarias. A recollida dos residuos acumulados nelas realizarase polo titular do establecemento.

Artigo 13.- Vehículos de transporte.

Os propietarios ou condutores de vehículos que transporten terras, entullos, materiais pulverulentos, áridos, formigón, cartóns, papeis ou materiais similares, terán que tomar cantas medidas sexan precisas para cubrir tales materiais durante o transporte e evitar que pola súa natureza ou pola velocidade do vehículo ou do vento caian sobre a vía pública os materiais transportados.

Así mesmo, antes de saír das obras, graveiras, etc., terán que lavarse os baixos e rodas dos vehículos para impedir que ensucien as vías públicas, mediante calquera sistema de lavado, podendo os servizos técnicos municipais esixir o uso doutro sistema que se considere máis efectivo.

Os vehículos destinados aos traballos de construción, darán cumprimento ás prescricións que se establecen sobre transporte e vertido de terras e entullos.

Queda prohibido o transporte de formigón con vehículo formigoneira sen levar pechada a boca de descarga cun dispositivo que impida o vertido de formigón na vía pública. Prohíbese limpar as formigoneiras na vía pública.

Artigo 14.- Carga e descarga de vehículos.



Concello de Vimianzo

Finalizadas as operacións de carga, descarga, saída ou entrada a obras, almacéns, fincas, etc., de calquera vehículo que poida producir sucidade na vía pública, o persoal responsable das citadas operacións, e subsidiariamente, os titulares dos establecementos e obras onde se efectuaran e, en último termo, o propietario ou o condutor do vehículo, limparán a vía pública e os elementos desta que se tiveran ensuciado, así como retirarán os materiais vertidos. As persoas mencionadas no apartado anterior, e pola mesma orde, serán as responsables das infraccións e dos danos que delas se deriven.

Artigo 15.- Obras na vía pública.

Cando se realicen pequenas obras na vía pública, os materiais sobrantes e entullos terán que ser retirados dentro das vinte e catro horas seguintes á terminación dos traballos, deixándoos entre tanto debidamente amoreados para non perturbar a circulación de persoas e vehículos.

Sobrepasado o termo de vinte e catro horas, os materiais abandonados na vía pública adquirirán o carácter de propiedade municipal, sen que o responsable poida reclamar ao Concello polas perdas ocasionadas na eliminación destes materiais, e sen prexuízo da taxa fiscal que se aplique debido á prestación do correspondente servizo, nin das sancións que sexan aplicables.

~~Cando~~ se trate de obras na vía pública, independentemente das medidas de seguridade vial, deberán instalarse valos debidamente sinalizados nos que se reflectirá o nome da empresa contratista e/ou promotora, así como elementos de protección da obra e tubos para a carga e descarga de materiais e produtos de derriba, que deberán reunir as condicións necesarias para impedir a sucidade na vía pública e que se causen danos a persoas ou cousas.

Cando se trate de edificios en construción, rehabilitación, reforma ou derribo, será o contratista da obra o responsable da limpeza da vía pública, así como da limpeza de camiños e rúas en todo o percorrido polo termo municipal, que efectúen os vehículos adscritos á obra.

Artigo 16.- Animais domésticos.

As persoas que conduzan cans ou outros animais polas vías e espazos públicos deben levarlos suxeitos e deben impedir que estes ensucien en calquera lugar público. No caso de que as deposicións dos animais se realicen na vía pública, a persoa que conduza o animal está obrigada á súa retirada, limpeza e depósito en colectores de materias orgánicas.

TÍTULO II. LIMPEZA DE EDIFICACIÓNS

Artigo 17.- Partes visibles.

Os propietarios das fincas, vivendas e establecementos ou subsidiariamente, os titulares, están obrigados a mantelas nas debidas condicións de seguridade, limpeza e ornato público.

As comunidades de propietarios dos edificios ou aspersoas propietarias de fincas, vivendas e establecementos están obrigados a manter limpas e en bo estado as fachadas, os rótulos de numeración dos portais, as medianeiras descubertas, as entradas, as escaleiras de acceso e, en xeral, todas as partes dos inmobles que sexan visibles dende a vía pública.

Os propietarios (particulares ou promotores e construtores) dos baixos deberán pechalos debidamente, con ladrillo ou bloque, levando a cabo o seu recebado, salpicado e en todo caso pintado.

Para estes efectos, os propietarios deberán proceder aos traballos de mantemento, limpeza, recebado e estucado, cando por motivos de ornato público sexa necesario ou o ordene a autoridade municipal, logo do informe dos servizos municipais competentes.

Suposto o incumprimento dos apartados anteriores, e logo do trámite de audiencia, o Concello requirirá aos responsables para que no prazo que se lles sinale realicen as obras u operacións necesarias.

Artigo 18.- Precaucións.

Cando se realicen limpeza de escaparates, portas, toldos, etc., adoptaranse precaucións para

non causar molestias aos transeúntes nin ensuciar a vía pública. Se se ensuciase por tal motivo, os donos do inmoble limparán os residuos.

Iguais precaucións terán que adoptarse para a limpeza de balcóns e terrazas, así como para o rego de plantas instaladas neles.

Artigo 19.- Prohibicións.

Co obxecto de manter as condicións de limpeza que esixen o ornato e a estética do municipio, queda prohibido:

- a) Realizar inscricións ou pintadas nas paredes, muros, cabinas, fachadas, valos, así como no mobiliario urbano.
- b) Colocar carteis en lugares non autorizados expresamente para iso, como arbores, contedores de lixo, fachadas de edificios, farois, bancos e demais mobiliario urbano ...
- c) Riscar, ensuciar ou arrancar os carteis ou anuncios situados nos lugares autorizados para o efecto.

TÍTULO III. LIMPEZA E MANTEMENTO DE URBANIZACIÓNS E FINCAS DE PROPIEDAD PRIVADA

Artigo 20.- Obrigas.

Corresponde ás persoas propietarias a limpeza das beirarrúas, paisaxes, calzadas, prazas, etc., das urbanizacións de dominio e uso privado.

Será tamén obriga das persoas propietarias a limpeza dos patios interiores de quinteiro, as fincas particulares, as galerías comerciais e similares.

Dende as fincas particulares, non pode sobresaír á vía pública ningunha clase de vexetación ou maleza.

O Concello exercerá o control e inspección do estado de limpeza dos elementos obxecto dos apartados anteriores, e poderá requirir aos responsables para a súa limpeza, de acordo coas instrucións que para o efecto diten os servizos municipais.

Os propietarios de fincas deberán mantelas libres de refugallos e residuos, e nas debidas condicións de salubridade, hixiene, seguridade e ornato público. A prescrición anterior inclúe a esixencia da súa desratización e desinfección.

TÍTULO V. NORMAS ESPECIAIS

Artigo 21.- Carteis e anuncios.

Os propietarios ou titulares de inmobles coidarán de manter limpas as paredes ou fachadas de calquera tipo de anuncio que non sexa o específico dunha profesión ou actividade mercantil.

A colocación de carteis, rótulos de establecementos ou anuncios realizarase na forma que se estableza na autorización ou licenza municipal que se outorgue ao respecto.

Queda prohibida a colocación de carteis, rótulos, pegatinas, así como calquera outro elemento publicitario ou de comunicación e a distribución de panfletos pola vía pública, sen autorización municipal.

Con autorización municipal poderán colocarse pancartas e bandeirolas que anuncien eventos culturais ou deportivos, ou nas situacións expresamente autorizadas pola autoridade municipal competente.

A publicidade electoral regularase mediante o establecido na súa lexislación específica.

A autoridade municipal regulará en cada caso as condicións en que poderán utilizarse os espazos que para tal fin destine o Concello, e a tramitación necesaria para solicitar a correspondente autorización.

Prohíbese a colocación de pancartas e bandeirolas suxeitas ás árbores en calquera dos seus elementos.



Concello de Vimianzo

A solicitude de autorización para a colocación de pancartas ou bandeirolas, deberá acompañarse de:

- a) Memoria explicativa.
- b) Plano de situación dos lugares onde se pretenden colocar.
- c) Plano de detalle co contido e dimensións das pancartas ou bandeirolas.
- d) Duración da instalación.
- e) O compromiso do responsable de retiralas e de reparar os desperfectos causados na vía pública ou aos seus elementos estruturais ou en farois ou mobiliario urbano.

As pancartas ou bandeirolas suxeitas aos elementos estruturais da vía pública, deberán situarse a unha altura mínima de colocación, medida no punto máis baixo, será de 5 m. cando afecte a calzada ou aparcamentos, e de 3 m. en beirarrúas, paseos e outras zonas peonís.

As pancartas e bandeirolas deberán ser retiradas polas persoas responsables da súa colocación tan pronto como caducase o prazo para o que foron autorizadas. De non facelo así, serán retiradas polos servizos municipais, imputándose aos responsables os custos correspondentes ao servizo prestado, sen prexuízo da imposición das sancións a que houberse lugar.

Artigo 22.- Pintadas.

Prohíbese toda clase de pintadas na vía pública, tanto sobre os seus elementos estruturais, calzadas, beirarrúas e mobiliario urbano, como sobre os muros, paredes, estatuas, monumentos e calquera elemento externo.

Poderanse autorizar as pinturas murais realizadas sobre os valos dos soares, peches de obra, paredes medianeiras vistas, etc.

Artigo 23.- Distribución de panfletos ou similares.

Prohíbese espaxear e tirar sobre a vía pública toda clase de panfletos ou materiais similares, así como a súa colocación en parabrisas de vehículos ou calquera outro soporte similar, sen autorización municipal.

Os servizos municipais correspondentes limparán os espazos públicos que se tiveran visto afectados pola distribución ou dispersión de panfletos ou folletos, imputando aos responsables o custo dos servizos extraordinarios prestados, sen prexuízo da imposición das sancións que correspondan.

Artigo 24.- Terras e entullos.

1.-Prohíbese depositar na vía pública toda clase de entullos ou refugallos procedentes de obras de construción e remodelación de inmobles, ou de obras realizadas no seu interior.

2.-Igualmente, queda prohibido almacenar na vía pública, fóra dos límites dos valos protectores de obras, o material de construción.

3.-Os residuos e materiais a que se refire o presente artigo só poderán ser almacenados na vía pública utilizando colectores adecuados ao cumprimento da normativa aplicable, e na forma e condicións autorizadas polo Concello.

4.-Os colectores para obras serán retirados da vía pública:

1.-Ao expirar o termo da concesión da licenza de obras.

2.-Cando existan razóns de interese público logo do requirimento da autoridade municipal.

3.-En canto estean cheos, para o seu baleirado e sempre dentro do mesmo día en que se producira o seu enchido.

4.-Unha vez finalizada a xornada laboral, cubriranse para impedir o espaxemento de materiais.

Artigo 25.- Mobles e pertenzas.

Queda prohibido o abandono en espazos públicos de mobles, electrodomésticos e demais pertenzas. As persoas que desexen desprenderse destes elementos solicitarán información ao Concello respecto da forma de proceder.

TÍTULO V. RESPONSABILIDADES, INFRACCIÓN E SANCIÓN

Artigo 26.- Responsabilidades.

1.- As responsabilidades derivadas do incumprimento das obrigas sinaladas nesta ordenanza serán esixibles non só polos actos propios, senón tamén polos de aquelas persoas e animais polos que se deba responder nos termos previstos no Código Civil.

2.- Cando se trate de obrigas colectivas como uso, conservación e limpeza de zonas comúns, etc..., a responsabilidade será atribuída á respectiva comunidade de propietarios ou habitantes do inmovible cando non estea constituída.

3.- Cando se causen danos a terceiros como consecuencia da actuación das entidades que, no seu caso, realicen a xestión indirecta do servizo, procederase conforme ao establecido na lexislación de contratos das administracións públicas e pregos de cláusulas administrativas e prescricións técnicas que rexan o expediente de contratación.

Artigo 27.- Responsabilidade municipal.

O Concello responderá directamente dos danos e prexuízos causados aos particulares nos seus bens e dereitos como consecuencia do funcionamento dos servizos públicos ou da actuación das súas autoridades, funcionarios ou axentes, nos termos establecidos na lexislación xeral sobre responsabilidade administrativa.

Artigo 28.- Tipificación das infraccións.

As infraccións da presente ordenanza clasifícanse en leves, graves e moi graves:

a) Considéranse infraccións leves as seguintes:

1. Incumprimento das normas sobre limpeza da vía pública como consecuencia do uso común xeral dos cidadáns.

2. Ensuciar a vía pública como consecuencia da tenencia de animais ou por tirar outros pequenos residuos, tales como chicles, restos de froitos secos, cabichas, papeis, envoltorios, etc.

3. Ensuciar a vía pública como consecuencia do consumo de bebidas alcohólicas ou refrescantes, tanto en envases de cristal como de plástico, metal ou similares.

4. Librar residuos fóra dos colectores ou en elementos de contención distintos dos permitidos.

5. Depositar residuos en horas ou lugares distintos aos sinalados polos servizos municipais, ou en colectores que non se correspondan co residuo depositado.

6. Incumprimento da obriga de limpeza en paisaxes e urbanización particulares.

7. Colocar, esparexer ou tirar panfletos, carteis, pancartas, bandeirolas ou materiais similares.

b) Considéranse infraccións graves as seguintes:

1. Ensuciar a vía pública a consecuencia de efectuar obras e outras actividades que esixan limpeza segundo esta ordenanza.

2. Incumprimento da obriga de mantemento de limpeza de fachadas, rótulos anunciante, toldos, medianeiras, entradas, escaleiras de acceso e, en xeral, todas as partes dos inmobles que sexan visibles dende a vía pública.

3. Incumprimento do deber de limpeza e mantemento de soares.

4. Ensuciar a vía pública a consecuencia de actividades en establecementos comerciais, hostaleiros, quioscos, postos na rúa e similares.

5. Abandonar mobles, pertenzas domésticas, materiais residuais ou outros obxectos similares en fincas, camiños ou calquera outro lugar non habilitado especialmente para iso.

6. Librar na vía pública residuos excluídos dos servizos de recollida domiciliaria, e por tanto susceptibles dun especial tratamento e depósito, sempre que este feito non sexa clasificado como moi grave no apartado seguinte.

7. Incumprimento das normas desta ordenanza sobre actos públicos, pancartas, carteis, rótulos, pintadas e panfletos.

8. Non manter os elementos de contención retornables en perfectas condicións de uso e limpeza.

9. Efectuar manipulación de lixo na vía pública.



Concello de Vimianzo

10. Librar envases e residuos de envases en colectores comúns ou na vía pública.

11. A reiteración de 2 faltas leves no período de dous anos.

c) Considéranse infraccións moi graves as seguintes:

1. Ensuciar a vía pública con motivo do transporte de materiais de obra, terras, entullos ou residuos especiais, ao non ter adoptado medidas no vehículo para impedir os vertidos.

2. Efectuar vertidos de terras e entullos en lugares non autorizados.

3. Depositar na vía pública animais mortos ou residuos de carácter especial (perigosos, sanitarios, etc...)

4. Realizar actos vandálicos, pintadas ou pegar elementos publicitarios no mobiliario urbano (colectores, papeleiras, marquesiñas, etc...)

5. Romper, queimar, arrincar ou deteriorar gravemente equipamentos, infraestruturas, instalacións ou elementos dos servizos públicos, así como o mobiliario urbano.

~~6. A reiteración de 3 faltas graves no período de dous anos.~~

Artigo 29.- Sancións.

As sancións que poderá impoñer a comisión das infraccións indicadas (artigo 141 da Lei 7/1985, de 2 de abril, serán:

1.- Para as que teñan a consideración de leves, poderase impoñer unha multa de ata 750 euros.

2.- Para as infraccións que teñan a consideración de graves, poderase impoñer unha multa de ata 1.500 euros.

3.- Para as infraccións que teñan a consideración de moi graves, poderase impoñer unha multa de ata 3.000 euros.

4.- No caso de reincidencia na infracción da obriga establecida no artigo 11 desta ordenanza, poderase impoñer tamén a sanción de retirada temporal da licenza ou autorización municipal para o funcionamento do establecemento de que se trate, ata un máximo dun ano.

Todo isto sen prexuízo de esixirles aos responsables da infracción, se fose o caso, que realicen os traballos de eliminación do lixo ou sucidade xerada e que indemnicen os danos causados.

Artigo 30.- Procedemento sancionador.

Para a imposición das sancións que puideran derivarse desta ordenanza, procederase de acordo co procedemento establecido no R.D. 1398/1993 de 4 de agosto, que aproba o Regulamento do procedemento para o exercicio da potestade sancionadora.

Artigo 31.- Prescrición.

As infraccións leves prescribirán aos seis meses, as graves ao ano e as moi graves aos dous anos.

Artigo 32.- Concorrencia na esixencia de responsabilidades.

1.- As sancións que poidan impoñerse en cumprimento do disposto nos artigos anteriores, serán independentes das que poidan proceder como consecuencia da vulneración das disposicións sectoriais aplicables en materia urbanística, medioambiental, etc..., das indemnizacións de danos e prexuízos a prol de terceiros que procedesen, ou das accións de diferente natureza que a Corporación poida exercitar ao respecto.

As responsabilidades e sancións mencionadas se substanciarán e executarán, no seu caso, por vía executiva.

2.- A imposición das sancións correspondentes previstas nesta ordenanza será compatible coa esixencia ó infractor da reposición da situación alterada polo mesmo ó seu estado orixinario, así como coa indemnización de danos e perxuízos causados.

Cando ditos danos e perxuízos se produzan en bens de titularidade municipal, o Concello, previa taxación polos servizos municipais competentes, determinará o importe da reparación, que será comunicado ó infractor ou a quen deba responder por el para a súa satisfacción no prazo que se estableza ó efecto polos servizos técnicos municipais.

DISPOSICIÓN FINAIS

Primeira.

No non previsto na presente ordenanza, procrederase de acordo co disposto na Lei 30/92, de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común e nas normas de carácter xeral reguladoras do réxime local, sen prexuízo da aplicación da lexislación sectorial na materia.

Segunda.

A presente ordenanza entrará en vigor unha vez se teña publicado integramente o seu texto no Boletín Oficial da Provincia e teña transcorrido o prazo previsto no art. 65.2 da Lei 7/85 de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.”

Consta no expediente a proposta da Alcaldía, de data 21 de novembro de 2014, ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de Réxime Interior, Seguridade, Servizos e Asuntos Xerais, celebrada o 25 de novembro de 2014, que se transcribe literalmente:

“PROPOSTA DE ACORDO

Visto o informe de Secretaría de data 21 de novembro de 2014, en relación co procedemento e a Lexislación aplicable para proceder á aprobación da Ordenanza reguladora da limpeza viaria, ornato público e protección do patrimonio municipal do Concello de Vimianzo.

Visto o proxecto de Ordenanza suscrito pola Alcaldía de data 21 de novembro de 2014, que conta cun Preámbulo, 32 artigos e dúas disposicións finais.

Realizada a tramitación legalmente establecida e vista a competencia do Pleno, en virtude dos artigos 22.2.d) e 49 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, propónse a este, previo ditame da Comisión Informativa de Réxime Interior, Seguridade, Servizos e Asuntos Xerais, a adopción do seguinte **ACORDO**:

Primeiro.- Aprobar inicialmente a ordenanza reguladora da limpeza viaria, ornato público e protección do patrimonio municipal do Concello de Vimianzo.

Segundo.- Someter a devandita Ordenanza a información pública e audiencia dos interesados, con publicación no Boletín Oficial da Provincia e taboleiro de anuncios do Concello, polo prazo de trinta días para que poidan presentar reclamacións ou suxestións, que serán resoltas pola Corporación. De non se presentar reclamacións ou suxestións no mencionado prazo, considerarase aprobada definitivamente sen necesidade de acordo expreso polo Pleno.

Terceiro.- Dar traslado do presente acordo e da ordenanza aprobada provisionalmente ao Servizo de Xestión Técnico-Administrativo do Departamento Territorial de A Coruña da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza para que no mesmo período de exposición ao público poda presentar cantas alegacións estime convinte.

Cuarto.- Facultar o Sr. Alcalde-Presidente para subscribir e asinar toda clase de documentos relacionados con este asunto.”



Concello de Vimianzo

4. Proposta sobre o conflito dos montes Milleira e Gorreis.

Consta no expediente a proposta da Alcaldía, de data 21 de novembro de 2014, ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de Réxime Interior, Seguridade, Servizos e Asuntos Xerais, celebrada o 25 de novembro de 2014, que se transcribe literalmente:

“PROPOSTA DA ALCALDÍA

Asunto: proposta sobre o conflito dos montes consorciados “Milleira” e “Gorreis”

O Pleno da Corporación na sesión plenaria municipal de 31 de decembro de 2013, atendendo ás comunicacións da Xefatura Territorial da Consellería de Medio Rural e do Mar na Coruña que tiveron entrada no Rexistro Xeral do Concello 30 de decembro de 2013, con números RE 9.281 e 9.282, dándonos un prazo de dez días para que o concello exprese a súa opinión ao respecto da presentación dunha reclamación previa á vía xudicial civil de diferentes particulares sobre distintas parcelas dos montes consorciados “Milleira” e “Gorreis”, adoptou o seguinte acordo:

- *“Declarar que o concello non é propietario dos montes consorciados “Monte Milleira” e “Gorreis”.*
- *A Corporación municipal recoñece como lexítimos propietarios aos reclamantes que presentaron as reclamación previas referidas ao respecto das súas propiedades.*
- *A Corporación municipal insta á Xunta de Galicia a aceptar as reclamacións previas presentadas polo propietarios das parcelas, e a que proceda a excluír do Catálogo de Montes de Utilidade Pública aos montes consorciados “Milleira” e “Gorreis”.*”

O 7 de novembro de 2014, con RE 8967, recibíuse a resolución da secretaria xeral técnica da Consellería do Medio Rural e do Mar, por delegación da conselleira, inadmitindo a reclamación previa á vía xudicial civil do monte Milleira, que di o seguinte:

*“1 **Inadmitir** a reclamación previa á vía civil que presentou Amparo Lema Mouzo e 53 particulares, en relación á solicitud de recoñecemento do carácter privado do Monte Milleira, por non ser procedente a vía administrativa da reclamación previa, senón a vía xudicial civil.*

*2 **Inadmitir** a a reclamación previa á vía civil que presentou Amparo Lema Mouzo e 53 particulares, en relación á solicitud de exclusión do citado Monte Milleira do Catálogo de Montes de Utilidade Pública, xa que non resulta procedente a vía administrativa da reclamación previa á vía civil para tramitar tal solicitude, senón, de ser o caso, a tramitación, xa sexa de oficio, xa sexa a instancia de parte, do procedemento regulado no artigo 28.1 da Lei 7/2012. Ademais os reclamantes non están lexitimados para solicitar, aínda polo procedemento regulado no artigo 28.1 da Lei 7/2012, a descatalogación do monte, senón que só o poden solicitar ou promover a entidade titular do monte e a Consellería do Medio Rural e do Mar.”*

O 20 de novembro de 2014, con RE 9354, recibíuse a a resolución da secretaria xeral técnica da Consellería do Medio Rural e do Mar, por delegación da conselleira, inadmitindo a reclamación previa á vía xudicial civil do monte Gorreis, cos mesmos argumentos.

Tendo en conta as conclusións da Comisión Especial de Montes reunida o 20 de novembro de 2014, someto a consideración do Pleno da Corporación, previo ditame da Comisión Informativa correspondente, a seguinte proposta de acordo:

PRIMEIRO.- Solicitar da Consellería do Medio Rural e do Mar que proceda á cancelación de oficio dos consorcios dos montes Milleira (nº CUP 382 e nº de elenco C-3100) e Gorreis (nº CUP 390 e nº elenco C-3099).

SEGUNDO.- Solicitar da Consellería do Medio Rural e do Mar que proceda á exclusión do Catálogo de Montes de Utilidade Pública dos montes Milleira e Gorreis, por non darse as circunstancias que motivaron a súa inclusión no Catálogo."

Constan no expediente sendos informes emitidos polo axente de desenvolvemento rural do concello o 26 de novembro de 2014, sobre a exclusión dos montes Milleira e Gorreis.

Respecto do monte Milleira, conclúe:

"(...)1.- As referencias que as bases do consorcio fan á existencia de propiedade privada no monte, ata en dúas cláusulas, así como a reivindicación de propiedade constante e sostida no tempo por diversos veciños, que mesmo se formalizou duante do Concello e da Xunta de Galicia en varias ocasións, xunto co feito de que os montes non estean incluídos no catálogo de bens municipal, e que a Corporación Municipal apoie as demandas veciñais sobre a titularidade dos montes, introduce moitas dúbidas ao respecto do carácter de monte público, condición "sine qua non" para inscribir un monte no Catálogo de Utilidade Pública de acordo co Decreto 485/1962.

2.- A repoboación do monte non acadou plenamente ningún dos obxectivos previstos como monte de utilidade pública, pola continua afección dos incendios forestais que impediu a consolidación da repoboación, pola falta de actividade do consorcio na conservación e mellora da masa forestal dende hai máis de quince anos, pola situación de risco de incendios e deterioro medioambiental, e por outro tipo de consideracións. Polo tanto non se están cumprindo plenamente os fins para manter o monte no Catálogo de Utilidade Pública."

Respecto do monte Gorreis, conclúe:

"(...) 1.- As referencias que as bases do consorcio fan á existencia de propiedade privada no monte, ata en dúas cláusulas, así como a reivindicación de propiedade constante e sostida no tempo por diversos veciños, que mesmo se formalizou duante do Concello e da Xunta de Galicia en varias ocasións, xunto co feito de que os montes non estean incluídos no catálogo de bens municipal, e que a Corporación Municipal apoie as demandas veciñais sobre a titularidade dos montes, introduce moitas dúbidas ao respecto do carácter de monte público, condición "sine qua non" para inscribir un monte no Catálogo de Utilidade Pública de acordo co Decreto 485/1962.

2.- A repoboación do monte non acadou plenamente ningún dos obxectivos previstos como monte de utilidade pública, pola continua afección dos incendios forestais que impediu a consolidación da repoboación, pola falta de actividade do consorcio na conservación e mellora da masa forestal dende hai máis de quince anos, pola situación de risco de incendios e deterioro medioambiental, e por outro tipo de consideracións. Polo tanto non se están cumprindo plenamente os fins para manter o monte no Catálogo de Utilidade Pública."

O alcalde sinala que agora a Xunta acaba de pecharlles uha vía moi fácil que lle abrirea na reunión celebrada na xefatura territorial da Coruña, na que estaban presentes os membros da comisión especial de montes e a asesoría xurídica da Xunta. Sinala o alcalde que estes días acaban de chegar dúas comunicacións: unha primeira, na que din que a vía da reclamación previa do Regulamento de montes do 62 - que abriaran eles mesmos - non vale, e en segundo lugar, a denegación da solicitude de corta. Di que é un conflito enquistado, un roubo da dictadura, o primeiro caso documentado de corrupción na Costa da Morte, pois afirma que se plantaba o monte e acto seguido ardía. Considera que vai sendo hora de que a democracia repare este dano do franquismo, pois arrebatáronlle a dignidade a xente que nunca tivo acceso á propiedade. Plantexa a petición de cancelación do consorcio e que deixen de incluílos no Catálogo de Montes de Utilidade Pública. Agarda que a Xunta entenda que esto non é un recurso de confrontación



Concello de Vimianzo

política, senón un xeito de facer xustiza histórica.

O Sr. Miñones Riveiro di que sobra o debate e pensa que a Xunta non vai soltar esa herencia da dictadura.

O Sr. Soto Pérez di que o seu grupo estivo sempre cos veciños, pero quere facer unha matización: bota en falta o informe da secretaria porque esta proposta supón unha alteración xurídica dos bens.

O Sr. Amado Sambade di que o seu grupo está totalmente dacordo, e el persoalmente como concelleiro, como veciño e como propietario por parte da súa familia. Dille aos veciños que o seu apoio vano a ter sempre.

O Sr. Rodríguez Blanco di que levan tanto tempo con este tema e cada vez vai a peor. Recrimina ao alcalde que o quitara da comisión de montes, pois considera que cantos máis sexan máis forza farán.

O alcalde aclara que el non o botou de ningures, botouno o PSOE e polo tanto non pode estar representando a ese partido nas comisións. Non obstante alégrase de que apoie agora este tema, pois cando estaba no goberno non o apoiou tanto.

O alcalde acláralle ao concelleiro de IxV que non se está cambiando a cualificación xurídica dos bens, eso será un paso máis. Sinala que o acordo non necesita informe xurídico - pois de ser preciso estaría - polo tanto prégalle que non semente dúbidas. Hai un informe técnico e ogallá se alterara a cualificación xurídica, porque eso suporía que se solucionaría o problema aos veciños. Sinala que ten precedentes de montes que foron excluídos do CUP (cita Mazaricos, Cabana e Coristanco) porque xa non reunían os requisitos, tal como sinalan os anuncios publicados no DOG. Entende que a Xunta á vista disto non pode dicir que non ten competencia para facelo, e considera que hai que ter vontade política para solucionar o tema, pero o PP onte ten decisión non ten vontade. Repróchalle ao xefe territorial de Medio Rural que non lles dera unha explicación do acontecido, porque quen meteu a pata foron eles.

O Sr. Amado Sambade pide a palabra.

O alcalde reitera que o funcionamento do pleno é ordenado e conforme ao determinado polo RD 2568/1986.

Non se producen máis intervencións.

Sometido o asunto a votación, o Pleno da Corporación, por unanimidade dos seus membros presentes, que supón a maioría absoluta do número legal de membros da Corporación, acorda:

PRIMEIRO.- Solicitar da Consellería do Medio Rural e do Mar que proceda á cancelación de oficio dos consorcios dos montes Milleira (nº CUP 382 e nº de elenco C-3100) e Gorreis (nº CUP 390 e nº elenco C-3099).

SEGUNDO.- Solicitar da Consellería do Medio Rural e do Mar que proceda á exclusión do Catálogo de Montes de Utilidade Pública dos montes Milleira e Gorreis, por non darse as circunstancias que motivaron a súa inclusión no Catálogo.

5. Adhesión ao punto xeral de entrada de facturas electrónicas da Administración Xeral do Estado.

Consta no expediente a proposta da Alcaldía, de data 21 de novembro de 2014, ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de Contas, Facenda e Orzamentos, celebrada o 25 de novembro de 2014, que se transcribe literalmente:

“PROPOSTA DA ALCALDÍA

ASUNTO: ADHESIÓN A PUNTO XERAL DE ENTRADA DE FACTURAS ELECTRÓNICAS DA ADMINISTRACIÓN XERAL DO ESTADO.

A Disposición adicional trixésimoterceira do Real decreto legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o Texto refundido da Lei de contratos do sector público, introducida pola Disposición final sétima da Lei 11/2013, de 26 de xullo, de medidas de apoio ao emprendedor e de estímulo do crecemento e da creación de emprego, obrigan á inclusión do órgano da administración con competencias en materia de contabilidade nos pregos de cláusulas administrativas, así como a identificación do órgano de contratación e do destinatario, que deben constar na factura correspondente.

A plataforma electrónica «FACe – Punto General de Entrada de Facturas Electrónicas» da Secretaría de Estado de Administracións públicas, do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, ven regulada na Lei 25/2013, de 27 de decembro, de impulso da factura electrónica e da creación do Rexistro contable de facturas do Sector Público.

Estando este Concello interesado na internalización na súa organización de todas as premisas da administración electrónica, e sendo obrigatorio para acollerse ás novas condicións do pagamento a provedores tomar acordo de compromiso de adhesión á plataforma electrónica FACe, propónse ao Pleno, previo ditame da Comisión Informativa de Facenda, Contas e Orzamentos, a adopción do seguinte ACORDO:

PRIMEIRO.- Aceptar a adhesión á plataforma electrónica «FACe – Punto General de Entrada de Facturas Electrónicas» da Secretaría de Estado de Administracións Públicas, do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, que está regulada na Lei 25/2013, de 27 de decembro, de impulso da factura electrónica e da creación do Rexistro contable de facturas no sector público.

SEGUNDO.- Aceptar as seguintes “Condicións de uso” da plataforma:

a) Segundo o disposto na Disposición adicional quinta da Lei 25/2013, de 27 de decembro, de impulso da factura electrónica e da creación do Rexistro contable de facturas no sector público, relativa á adhesión ao Punto Xeral de Entrada de Facturas Electrónicas da Administración Xeral do Estado, as administracións económicas e locais que queiran adherirse á utilización da plataforma FACe, deberán aceptar e asinar, mediante unha sinatura electrónica avanzada recoñecida de acordo coa Lei 59/2003, de 19 de decembro, de sinatura electrónica, este documento de adhesión ao “Punto General de Entrada de Facturas Electrónicas” da Administración Xeral do Estado.

b) Manter actualizada na plataforma FACe a información das súas unidades organizativas implicadas na xestión das facturas electrónicas, ao abeiro da Disposición adicional trixésimoterceira do Texto refundido da Lei de contratos do sector público, aprobado polo Real decreto legislativo 3/2011, de 14 de novembro, e a responsabilizarse da xestión das mesmas.

c) Facer un uso responsábel da plataforma FACe, adecuándose estritamente ás finalidades recollidas na Lei 25/2013, de 27 de decembro, de impulso da factura electrónica e creación do Rexistro contable de facturas do sector público, e na normativa que de esta se derive, e responsabilizarse do bo uso e xestión da plataforma, así como de calquera dano e prexuízo directo ou indirecto que proveña do mal emprego da dita plataforma.

d) Acceder á plataforma baixo as canles que a Secretaría de Estado de Administracións Públicas estableza. As comunicacións das distintas administracións públicas co Punto adecuaranse ás condicións técnicas normalizadas que a Secretaría de Estado de Administracións Públicas e a Secretaría de Estado de Orzamentos e Gastos determinen.

e) Cumprir coas intrucións técnicas dos manuais de uso da plataforma FACe, que serán publicados no Centro de Transferencia de Tecnoloxía (CTT) da Administración Xeral do Estado na seguinte url: <http://administracionelectronica.gob.es/es/ctt/face>.



Concello de Vimianzo

f) A autorizar ás persoas indicadas debaixo a representar á miña administración dentro da plataforma FACe para á alta das unidades que deberán ser comunicadas a FACe para poder recibir as facturas electrónicas. E a coñecer a información sobre como dar de alta as unidades da súa administración en FACe, así como a url para proceder á alta das mesmas, que se atopa en <http://administracionelectronica.gob.es/es/ctt/face>:

-Persoa que ocupe a praza de interventor/a do Concello de Vimianzo

-José Domingo Rodríguez Ferreira (TAX-xefe do Servizo Económico-Administrativo).

-Manuel Vicente Antelo Santos (técnico de xestión).

-Cándido Vidal Amigo (administrativo).”

Non se producen intervencións.

Sometido o asunto a votación, o Pleno da Corporación, por unanimidade dos seus membros presentes, que supón a maioría absoluta do número legal de membros da Corporación, acorda:

PRIMEIRO.- Aceptar a adhesión á plataforma electrónica «FACe – Punto General de Entrada de Facturas Electrónicas» da Secretaría de Estado de Administracións Públicas, do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, que está regulada na Lei 25/2013, de 27 de decembro, de impulso da factura electrónica e da creación do Rexistro contable de facturas no sector público.

SEGUNDO.- Aceptar as seguintes “Condicións de uso” da plataforma:

a) Segundo o disposto na Disposición adicional quinta da Lei 25/2013, de 27 de decembro, de impulso da factura electrónica e da creación do Rexistro contable de facturas no sector público, relativa á adhesión ao Punto Xeral de Entrada de Facturas Electrónicas da Administración Xeral do Estado, as administracións económicas e locais que queiran adherirse á utilización da plataforma FACe, deberán aceptar e asinar, mediante unha sinatura electrónica avanzada recoñecida de acordo coa Lei 59/2003, de 19 de decembro, de sinatura electrónica, este documento de adhesión ao “Punto General de Entrada de Facturas Electrónicas” da Administración Xeral do Estado.

b) Manter actualizada na plataforma FACe a información das súas unidades organizativas implicadas na xestión das facturas electrónicas, ao abeiro da Disposición adicional trixésimoterceira do Texto refundido da Lei de contratos do sector público, aprobado polo Real decreto legislativo 3/2011, de 14 de novembro, e a responsabilizarse da xestión das mesmas.

c) Facer un uso responsábel da plataforma FACe, adecuándose estritamente ás finalidades recollidas na Lei 25/2013, de 27 de decembro, de impulso da factura electrónica e creación do Rexistro contable de facturas do sector público, e na normativa que de esta se derive, e responsabilizarse do bo uso e xestión da plataforma, así como de calquera dano e prexuízo directo ou indirecto que proveña do mal emprego da dita plataforma.

d) Acceder á plataforma baixo as canles que a Secretaría de Estado de Administracións Públicas estableza. As comunicacións das distintas administracións públicas co Punto adecuaranse ás condicións técnicas normalizadas que a Secretaría de Estado de Administracións Públicas e a Secretaría de Estado de Orzamentos e Gastos determinen.

e) Cumprir coas intrucións técnicas dos manuais de uso da plataforma FACe, que serán publicados no Centro de Transferencia de Tecnoloxía (CTT) da Administración Xeral do Estado na seguinte url: <http://administracionelectronica.gob.es/es/ctt/face>.

f) A autorizar ás persoas indicadas debaixo a representar á miña administración dentro da plataforma FAC e para á alta das unidades que deberán ser comunicadas a FACe para poder

recibir as facturas electrónicas. E a coñecer a información sobre como dar de alta as unidades da súa administración en FACe, así como a url para proceder á alta das mesmas, que se atopa en <http://administracionelectronica.gob.es/es/ctt/face>:

-Persoa que ocupe a praza de interventor/a do Concello de Vimianzo

-José Domingo Rodríguez Ferreira (TAX-xefe do Servizo Económico-Administrativo).

-Manuel Vicente Antelo Santos (técnico de xestión).

-Cándido Vidal Amigo (administrativo).

6. Tomar coñecemento das renuncias dos candidatos da lista do Partido Popular nas eleccións municipais do 2011, D. Germán Graíño Martínez e D^a. Manuela Rodríguez Diéguez, a tomar posesión como concelleiros

O Pleno da Corporación, na sesión ordinaria celebrada o 25 de outubro de 2014, tomou coñecemento da renuncia do concelleiro do grupo municipal do Partido Popular D. José Manuel Pérez Trillo, e designou como persoa á que lle corresponde cubrir a vacante á D. Germán Graíño Martínez, que ocupou o posto número oito (8) da candidatura do Partido Popular nas eleccións municipais celebradas en maio do ano 2011.

O 29 de outubro de 2014, con rexistro de entrada nº 8691, D. Germán Graíño Martínez presentou escrito de renuncia a tomar posesión como concelleiro diante da secretaria municipal, extendendo a fedataria pública dilixencia acreditativa ao efecto.

Seguindo instrucións da Xunta Electoral Central, o expediente foi remitido á propia Xunta o 30 de outubro de 2014, con rexistro de saída nº 6317, a efectos de que se tivese constancia da renuncia anticipada de D. Germán Graíño Martínez e se expedise credencial acreditativa da condición de electo a favor de D^a. Manuela Rodríguez Diéguez, que ocupou o posto número nove (9) da candidatura do Partido Popular nas eleccións municipais celebradas en maio do ano 2011.

O 10 de novembro de 2014, con rexistro de entrada nº 9001, D^a. Manuela Rodríguez Diéguez presentou escrito de renuncia a tomar posesión como concelleira diante da secretaria municipal. Na mesma data, con rexistro de entrada nº 9001, a Xunta Electoral Central remitiu a credencial da citada persoa.

O 11 de novembro de 2014, con rexistro de entrada nº 9039, D. Juan Carlos Amado Sambade solicita que no vindeiro pleno ordinario se tome constancia da renuncia de D. Germán Graíño Martínez e D^a. Manuela Rodríguez Diéguez e se poñan en marcha os trámites para que a Xunta Electoral Central expida a credencial a favor da número dez (10) da candidatura do Partido Popular nas eleccións municipais celebradas en maio do ano 2011, D^a. María Dulzura Quintáns Fidalgo.

Consta no expediente o anuncio do BOP nº 78, do 26 de abril de 2011, da Xunta Electoral de Zona de Corcubión de publicación das candidaturas ás eleccións locais do 2011.

En cumprimento do disposto na Instrución do 10 de xullo de 2003, da Xunta Electoral central, sobre substitución de cargos electivos locais (BOE núm. 171 do 18/07/2003), a persoa á que lle corresponde cubrir a vacante é D^a. María Dulzura Quintáns Fidalgo, que ocupa o posto número dez (10) da candidatura do Partido Popular.

O Pleno da Corporación dase por enterado.



Concello de Vimianzo

7. Comunicados oficiais.

A secretaria da conta dos seguintes anuncios publicados no Boletín Oficial da Provincia en materia de competencia plenaria:

- Anuncio de aprobación definitiva do expediente de crédito extraordinario CE/01/2014 no BOP nº 209 do 31 de outubro de 2014. O citado expediente foi aprobado inicialmente polo Pleno na sesión ordinaria do 30 de agosto de 2014.

- Anuncio de inicio do expediente de investigación de oficio do espazo coñecido como "a pista da Praza" en Tines no BOP nº 214 do 7 de novembro de 2014. O acordo fora tomado na sesión plenaria celebrada o 30 de xullo de 2005.

- Anuncio de aprobación inicial dos expedientes de crédito extraordinario CE/01/2014 e suplemento de crédito SC/01/2014, no BOP nº 222 do 19 de novembro de 2014. Os citados expedientes foron aprobados inicialmente polo Pleno na sesión extraordinaria do 14 de novembro de 2014.

8. Dación de conta de resolucións da Alcaldía-Presidencia.

En cumprimento do disposto no artigo 42 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, consta no expediente da presente sesión plenaria a relación de resolucións da Alcaldía-Presidencia adoptadas dende a sesión plenaria de carácter ordinario celebrada o 25 de outubro de 2014, isto é, dende a resolución núm. 1351, do 22/10/2014 ata a resolución núm. 1566, do 25/11/2014.

Ditas resolucións foron postas a disposición dos Sres. Concelleiros dende a data da convocatoria da presente sesión plenaria e incorpóranse á presente acta como Anexo y.

9. Dación de conta de informes económico-orzamentarios.

O Sr. Alcalde dalle a palabra ao interventor accidental.

O interventor accidental sinala que se da cumprimento ao previsto na normativa respecto dos informes de morosidade trimestrais e da execución orzamentaria.

O Pleno dase por informado.

10. Mocións.

Non se presenta ningunha moción por parte dos grupos municipais.

11. Rogos e preguntas.

11.1. PSdeG-PSOE

O Sr. Miñones Riveiro sinala que esta semana no parlamento galego un deputado socialista fixo unha pregunta sobre a protección do Parque do Megalitismo e o responsable do goberno autonómico dixo que a protección correspóndelle ao concello de Vimianzo e aos propietarios. Sinala que neste ámbito sí hai unha regulamentación que prevé sancións para os responsables.

O concelleiro socialista indica que recentemente un veciño noso proclamouse campeón de España de rallies e pregunta se o concello ten previsto facerlle unha recepción oficial e incluso

que asine no libro de ouro do concello.

O alcalde agradece as preguntas do Sr. Miñones Riveiro e anuncia unha recepción oficial a Amador Vidal e Francis Lema o vindeiro sábado seis de decembro, á que están convidados tódolos grupos municipais.

Ao respecto da arquíña de Vilaseco, o alcalde afirma que tivo unha reunión co subdirector xeral e ten previsto ter outra coa directora xeral de Patrimonio. Pedíulle que informaran aos propietarios sobre os dereitos e obrigas que lles corresponden. Pedíulle que mandaran a un técnico para que os informara sobre este tema e aínda están agardando. Persoalmente el cre a versión dos veciños de que non tiñan coñecemento disto, pois a arquíña ten a mesma protección que un Ben de Interese Cultural e viu boa disposición por parte do subdirector xeral e agradece as boas palabras sobre a figura do alcalde na prensa. Non cre que a solución sexa a represión en forma de sancións, pois estamos no século XXI e hai que informar á xente e así actuarán correctamente.

11.2. IxV

O Sr. Soto Pérez comparte a pregunta do voceiro socialista sobre o Parque do Megalitismo e sinala que no colexio chove dentro e eso hai que arranxalo. Comenta o descontento dos veciños coas novas luminarias e di que parece ser que tamén baixaron os watios que proporcionan, pero estes temas dentro dos rogos.

Respecto ás preguntas, quere saber como está o expediente de investigación do camiño de Reboredo, pois xa no anterior pleno preguntou e contestou o alcalde que se estaba tramitando. Quere saber se hai informes e a onde vai. Sinala que no anterior pleno tamén preguntou pola obra de Sansobre e o alcalde non respostou.

O alcalde responde que a obra de saneamento en Sansobre está agardando pola autorización de Augas de Galicia para a reubicación do pozo de bombeo. Respecto ao camiño de Reboredo non lle pode dicir a onde vai, pero sí onde empeza e onde remata. Cando haxa unha proposta traerase a pleno, obviamente. Xa lle gustaría que tivera o mesmo criterio para outro expediente de investigación en Padreiro, pois non quixeron iniciar o expediente.

O concelleiro de IxV sinala que ese expediente está no xulgado.

O alcalde négao e aclara que o que está no xulgado é unha denuncia contra o alcalde por este tema, pero non se discute se o camiño é público ou é privado.

Respecto ao tema do colexio, o alcalde di que é un almacén que non se empregaba e que adecentaron para poñelo a disposición dos alumnos. Indica que se non se arranxou o venres, arranxarase o luns.

Respecto ao alumeadado, reitera, como fixo na sesión anterior, que foi unha solicitude de subvención conxunta con outros concellos da zona e que Vimianzo foi o único que fixo un procedemento aberto no que resultou excluído o fabricante das luminarias. Explica que estradas anchas coma Blanco Rajoy e Trasariz teñen que ir “en bolillo” e faltan farolas polo outro lado. Di que a potencia das lámpadas é a prevista no proxecto, e en base a esa potencia concederon a subvención e polo tanto hai que mantela. A intención do goberno, con cargo ao remanente, é mellorar a iluminación. Sinala que, agás nas avenidas, no resto dos lugares hai máis luminosidade que antes e o aforro alcanza o 75%.



Concello de Vimianzo

11.3. PP

O voceiro do PP pregunta se é certo que o Sr. Arquitecto está cobrando por estar na casa, e por que o fai.

En segundo lugar, refírese a unhas declaracións do alcalde, nas que se dixo a Juan Silva que as cousas habías que falalas no pleno, mentras que o outro día, no pavillón, diante del mesmo, díxolle que ía sacar a subvención ao Soneira e darlla ao Baíñas.

O alcalde explica que o arquitecto municipal está suspendido de emprego e soldo en cumprimento dunha sanción derivada dun expediente disciplinario, e mentras non se resolva xudicialmente e non haxa unha resolución xudicial que ordene que se incorpore, vai seguir suspendido.

O Sr. Amado Sambade pregunta se está cobrando.

O alcalde repite que está suspendido de emprego e soldo, se entende o que acaba de dicir.

O concelleiro do PP di que se pregunta é porque hai rumores.

O alcalde responde sobre o asunto de Baíñas: pide que non se utilice este tema para facer política. Señala que ás veces un quéntase e saen cousas na prensa que non deben. Díxolle ao Sr. Silva que como alcalde estaba disposto a falar de revisar as bases, non para quitarlle cartos a ninguén. Lembra que as bases foron ditaminadas favorablemente polo PP no seu día.

11.4. Non adscritos

O Sr. Rodríguez Blanco rógalle ao alcalde, porque está xa tan aburrido dos seus ataques gratuítos, que deixe de mentir, acosar e sacar cousas na prensa. Acúsaos de referirse ao anterior goberno como "antigo réxime", coma se foran franquistas. Lémbrale ao alcalde que ten dúas imputacións: unha pola moción de censura - que o propio alcalde impediu, con algún funcionario - e outra por prevaricación e falsificación en documento público. Rectifica de inmediato e di "presuntamente imputado".

O alcalde pídelles que remate a súa intervención.

O concelleiro non adscrito pregunta como están os trámites dos enganches en Manlle e Urroa, que vai pasar con esas casas que quedan sen enganche. Pregunta que trámites leva feitos durante tres anos co convenio que asinou o anterior goberno co xeriátrico. Pregunta polo centro de día, que non é público.

